



BASES DO CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL 2023

O Concello de O Saviñao convoca o 'CONCURSO DE DEBUXO DE POSTAIS DE NADAL' con arranxo ás seguintes:

BASES DO CONCURSO

Concursantes

Poderán participar tódolos nenos e nenas dos colexios do concello do Saviñao dos cursos de infantil, primaria e secundaria.

Tema

O tema do debuxo será '**O Nadal**'. Poderá conter, de forma libre, calquera aspecto alusivo ó Nadal: os adornos, as luces, a árbore, a familia, a decoración de elementos turísticos do Saviñao, das súas rúas, etc.

Condicións

A forma de participar será individual e cada neno/a poderá entregar un só deseño.

A técnica é libre, podendo utilizar pinturas, témperas, ceras, etc.

O tamaño das obras será en DIN-A4 (folio), sendo obrigatorio o formato HORIZONTAL; o material de soporte pode ser papel ou cartolina.

As tarxetas deberán ser inéditas. Non se terán en conta todas aquelas tarxetas que a xuízo do xurado non reflectan realmente a creatividade do neno/a.

O concello resérvase tódolos dereitos sobre os debuxos, incluído o de reprodución e publicación en redes sociais, medios de comunicación, etc.

Prazo e lugar de entrega

Os traballos poderán entregarse ata o día **27 de novembro ás 12:00 h.** no rexistro do Concello ou na secretaría dos colexios de Escairón e Currelos, cos seguintes datos no dorso do debuxo ou nun folio aparte:

- ✓ **Nome e apelidos do/a participante**
- ✓ **Dirección**
- ✓ **Curso**
- ✓ **Centro escolar**
- ✓ **Data de nacemento**





- ✓ Teléfono do pai/nai/titor
- ✓ Título do debuxo

Premios e categorías:

Establécense as seguintes categorías e premios:

- Categoría Infantil (4º, 5º e 6º Infantil): **Vale de 50 € no comercio local** (válido ata o 12/12/2023) + **Diploma acreditativo**.
- Categoría Primaria A (1º, 2º e 3º Primaria): **Vale de 50 € no comercio local** (válido ata o 12/12/2023) + **Diploma acreditativo**.
- Categoría Primaria B (4º, 5º e 6º Primaria): **Vale de 50 € no comercio local** (válido ata o 12/12/2023) + **Diploma acreditativo**.
- Categoría Secundaria (1º, 2º, 3º e 4º ESO): **Vale de 50 € no comercio local** (válido ata o 12/12/2023) + **Diploma acreditativo**.
- Categoría ABSOLUTA: O gañador/a absoluto será o deseño escollido polo xurado entre os gañadores de cada categoría. A postal que resulte gañadora absoluta será **publicada no calendario de Nadal** do concello do Saviñao, indicando o nome do gañador ou gañadora, o curso e o centro escolar.

A entrega de premios notificarase con antelación ós gañadores/as.

O xurado estará composto por membros do concello do Saviñao.

Aceptación das bases

Tódalas cuestións non previstas nestas bases serán resoltas pola sección de Cultura e Servizos Sociais do concello do Saviñao.

A presentación a este concurso implica necesariamente a aceptación de tódolos puntos das presentes bases.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

